



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

# Plan de adaptación ao contexto da COVID-19

## CPI A Xunqueira



Curso 2020/21

<b>IDENTIFICACIÓN DO CENTRO</b>			
<b>Centro</b>	CPI A Xunqueira		
<b>Código</b>	15023405		
<b>Dirección</b>	Avda. do Mar s/n		
<b>Código Postal</b>	15500	<b>Teléfono</b>	881 930 110
<b>Poboación</b>	Fene		
<b>Correo electrónico</b>	cpi.axunqueira@edu.xunta.gal		

<b>EQUIPO COVID</b>		
<b>Directora</b>	Isabel Hermida Rodríguez	
<b>Secretario</b>	Diego Calviño Fernández	
<b>Xefa Estudos Primaria</b>	M. Dolores Yáñez Casal	
<b>Xefa de Estudos Secundaria</b>	María Anca Casal	

<b>CONTACTOS DE INTERESE</b>		
<b>ATENCIÓN PRIMARIA</b>	<b>PERSOAS DE REFERENCIA</b>	<b>CORREO CONTACTO</b>
Centro de saúde de Fene	Francisco Malvar Fdez. Eva Regueria Pan (reserva)	centro.saude.fene@sergas.es

## ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN .....	5
2.	OBXECTIVOS .....	5
3.	ÁMBITO DE APLICACIÓN .....	5
4.	MEDIDAS PARA A IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ADAPTACIÓN E CONTINXENCIA .....	6
4.1.	EQUIPO COVID 19.....	6
	As funcións do equipo COVID 19 do CPI A Xunqueira son: .....	6
	Composición.....	6
4.2.	XESTIÓN DO PLAN .....	6
4.3.1.	Difusión de contidos do plan.....	6
4.3.2.	Seguimento e control da Implantación do Plan de Adaptación e Continxencia...	6
4.3.3.	Revisión do Plan de Adaptación e Continxencia .....	7
5.	VALORACIÓN DO RISCO.....	7
6.	ACCESO ÁS INSTALACIÓNS E PERCORRIDOS INTERNOS.....	7
6.1.	Acceso ao edificio principal: .....	7
6.2.	Identificación das instalacións educativas.....	8
7.	PROTOCOLO DE ACCESO, TRÁNSITO E ABANDONO DO CENTRO .....	12
7.1.	Organización dos movementos para a entrada e saída .....	12
7.2.	Percorridos internos durante a xornada lectiva.....	13
8.	INSTRUCCIÓN DE USO DE ESPAZOS COMÚNS E ASEOS. AFOROS .....	15
8.1.	Espazos comúns.....	15
8.1.1.	Biblioteca.....	15
8.1.2.	Sala de profesores/as e titoría Secundaria .....	16
8.1.3.	Cafetería/Comedor .....	16
8.1.4.	Conserxaría e Fotocopiadoras.....	16
8.1.5.	Secretaría .....	16
8.1.6.	Ascensor .....	16
8.2.	Aseos .....	16
9.	AFOROS MÁXIMOS EN AULAS E ESPAZOS COMÚNS.....	17
9.1.	Aulas .....	17
9.2.	Aulas específicas.....	17
9.2.1.	Laboratorio, debuxo, tecnoloxía, aula maker, auxiliar, convivencia.....	17
9.2.2.	Informática .....	17
9.2.3.	Ximnasio .....	18
9.2.6.	Plástica .....	18
9.2.7.	Aula Convivencia .....	18
9.2.9.	Relixión.....	18

10. DESCRICIÓN DAS CONDICIÓNS DE HIXIENE E SAÚDE DOS TRABALLADORES E DO ALUMNADO.....	18
10.1. Materiais de hixiene.....	18
10.2. Relación de material de hixiene necesario.....	19
11. ENTREGA DE EPI NECESARIOS PARA O PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE .....	20
12. INSTRUCIÓNS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS DEPENDENCIAS DO CENTRO .....	20
13. INSTRUCIÓNS PERSOAL DO CENTRO.....	20
13.1. Indicacións xerais .....	20
13.1.1. Non se debe acudir ao centro .....	21
13.1.2. No centro educativo.....	21
13.1.3. Dentro da aula.....	21
13.1.4. Durante os recreos e accesos a zonas comúns .....	22
13.1.5. Ao saír do centro .....	22
13.2. Recomendacións segundo o posto de traballo .....	23
13.2.1. Protocolo para E. Infantil.....	23
13.2.2. Protocolo para Primaria .....	24
13.2.3. Protocolo Secundaria .....	26
13.2.4. Profesorado de música .....	27
13.2.5. Profesorado Educación Física .....	28
13.2.6. Persoal coidador.....	28
13.2.7. Profesorado de Audición e Linguaxe e P. Terapéutica .....	28
13.2.7. Equipos docentes, reunións e titorías .....	28
13.2.8. Alumnado con NEE.....	29
ANEXOS .....	30
Anexo I. MEDIDAS ALUMNADO .....	31
ANEXO II. CARTEL NORMAS XERAIS .....	32
ANEXO III. ....	33
ANEXO IV. INSTRUCIÓNS PERSOAL DO CENTRO .....	35
ANEXO V. ENTRADAS E SAÍDAS .....	37
ENTRADAS E SAIDAS.....	37
ANEXO VI. REXISTRO GROMOS .....	39
ANEXO VII. CARTEL AFORO .....	40
ANEXO VIII. MEDIDAS DA BIBLIOTECA .....	41
ANEXO IX. TEST DE AUTOAVALIACIÓN.....	42

## 1. INTRODUCCIÓN

Presente protocolo foi elaborado polo equipo directivo do CPI A Xunqueira de Fene co asesoramento da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Sanidade en base ao modelo aprobado polas Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e Sanidade para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/21 nos centros non universitarios de Galicia. Inclúe recomendacións e directrices en relación ás medidas de prevención, protección e hixiene fronte á COVID19 para implantar no centro.

Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiran, sempre dentro das previsións que a tal efecto realicen as autoridades sanitarias correspondentes.

## 2. OBXECTIVOS

- Crear contornas saudables e seguras a través de medidas de protección, hixiene e promoción da saúde adaptadas a cada etapa educativa.
- Instaurar medidas organizativas eficaces que impidan as aglomeracións de persoas e propicien o correcto cumprimento das medidas de distancia interpersonal de seguridade nos diferentes espazos do centro: aulas, patio, portas de acceso, cafetería...
- Asegurar que as diferentes fases do proceso educativo podan desenvolverse coa maior normalidade posible, dentro da excepcionalidade sanitaria actual, mantendo e reforzando o vínculo profesorado/alumnado.
- Priorizar o ensino presencial e a atención ao alumnado máis vulnerable, promovendo e intensificando a implicación e a coordinación coas familias.
- Sensibilizar e traballar co alumnado rutinas de hixiene e prevención co obxecto de minimizar os riscos de contaxio.
- Impulsar a capacitación en competencia dixital tanto do alumnado coma do profesorado e persoal non docente.
- Asegurar o acceso dixital de todo o alumnado.
- Posibilitar a detección precoz de casos e xestión adecuada dos mesmos a través de protocolos de actuación claros e de coordinación de axentes implicados.

## 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

As medidas de prevención e hixiene e de protección da saúde así como os protocolos de detección precoz de casos establecidos neste documento serán de aplicación en todas as actividades e instalacións do CPI A Xunqueira.

## 4. MEDIDAS PARA A IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ADAPTACIÓN E CONTINXENCIA

### 4.1. EQUIPO COVID 19

As funcións do equipo COVID 19 do CPI A Xunqueira son:

- Elaborar, implantar, revisar, facer seguimento e control das medidas de prevención, protección e hixiene necesarias para evitar e minimizar os contaxios por SARS-Cov-2 no centro.
- Organizar a actividade do persoal do centro seguindo as recomendacións deste plan.

#### Composición

Directora	Isabel Hermida Rodríguez
Secretario	Diego Calviño Fernández
Xefa de Estudos de Primaria	M. Dolores Yáñez Casal
Xefa de Estudos de Secundaria	María Anca Casal

### 4.2. XESTIÓN DO PLAN

Para garantir o desenvolvemento da actividade lectiva en condicións de seguridade , tanto do alumnado coma de docentes e persoal do centro, a través do equipo COVID 19 este Plan de Adaptación e Continxencia aportará os instrumentos necesarios para garantir a súa difusión, seguimento e control da efectividade das medidas que contén.

A Consellería de Educación habilitará unha canle específica de comunicación que o centro poderá utilizar para notificar os casos e para a identificación dos contactos próximos.

#### 4.3.1. Difusión de contidos do plan

Coa finalidade de garantir que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas no CPI A Xunqueira son coñecidos e comprendidos por toda a comunidade educativa, levaranse a cabos as seguintes accións:

- Enviarase información a todas as familias a través da páxina web do centro. Este plan recolle no Anexo I instrucións para o alumnado e no Anexo III as instrucións para pais/nais/titores.
- Utilizaranse carteis, infografías e sinalización vertical e horizontal que fomenten o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene.
- Todo o persoal docente e non docente, así como o Concello de Fene serán coñecedores deste Plan de Adaptación e Continxencia. Serán informados de todas as medidas implantadas.

#### 4.3.2. Seguimento e control da Implantación do Plan de Adaptación e Continxencia

Os compoñentes do Equipo COVID 19 realizarán as actuacións necesarias que permitan coñecer a efectividade das medidas e dos protocolos definidos neste Plan. Para levar a cabo este seguimento, reuniranse semanalmente e en función das necesidades que vaian xurdindo.

A directora do centro será a encargada de manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación e, de ser o caso da Consellería de Sanidade e o Sergas.

O Equipo COVID 19 terá á súa disposición, no menor prazo posible, unha relación de todo o alumnado e do persoal do centro. A información estará agrupada por aula e co profesor/a correspondente asignado á mesma. En dita relación debe figurar a identificación persoal, un ou varios números de teléfono e o enderezo para poder consultalo de ser o caso.

Estará a disposición do Equipo COVID e do equipo directivo un rexistro dos casos (ANEXO VI).

#### 4.3.3. Revisión do Plan de Adaptación e Continxencia

Tras o análise das medidas adoptadas, poderanse propoñer medidas novas que substitúan ou melloren as propostas inicialmente.

Incorporaranse actividades novas cando o indiquen as autoridades sanitarias.

## 5. VALORACIÓN DO RISCO

Tal e como establece o Ministerio de Sanidade no procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición do SARS-CoV-2, en función da natureza das actividades docentes nos centros educativos, así como da incidencia e prevalencia do COVID-19 descrita ata o momento na poboación infantil, o risco do persoal docente debe ser considerado de grado 1(NR1).

No momento de atención a un posible caso de actuación ante unha persoa que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19, pode ser considerado de Nivel de Risco (NR). Neste caso, a persoa que comeza a presentar síntomas está indicado o uso de máscara cirúrxica. A persoa que a acompañe deberá levar máscara FFP2.

Se a pesar desta circunstancia, algún empregado público considera necesaria a avaliación da súa saúde en relación co COVID 19, actuarase como segue:

- A persoa interesada deberá dirixir a súa solicitude á dirección do centro (ANEXO IV).
- A dirección do centro emitirá un informe por cada solicitante onde se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo.
- A Inspección Médica Educativa analizará a petición e solicitará ao traballador/a a través de correo electrónico documentación acreditativa de dita situación.

*(Este procedemento figura detallado no Protocolo de Adaptación ao Contexto COVID 19 aprobado pola Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional e a Consellería de Sanidade no epígrafe 9.)*

## 6. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS E PERCORRIDOS INTERNOS

O CPI A Xunqueira tomará as seguintes medidas organizativas para impedir aglomeracións de persoas e propiciar o correcto cumprimento das medidas de distancia interpersonal de seguridade durante o acceso, tránsito internos e abandono do centro educativo.

### 6.1. Acceso ao edificio principal:

- Organizarase o acceso de forma diferenciada e progresiva, comezando dende os maiores aos máis pequenos. As saídas realizaranse de forma inversa ás entradas. Evitarase que os acompañantes accedan ao recinto durante as entradas e saídas
- O alumnado de E. Infantil cun acompañante, unha vez entrara o alumnado de Primaria e Secundaria, esperará no porche a que o profesorado de Infantil o recolla. Non poderán entrar no recinto ata que toque a sirena. En ningún momento os acompañantes entrarán no edificio, salvo que houboese causa de forza maior.
- Estableceranse horas de entrada e saída diferenciadas por etapa e curso, cada 5'.

- Estableceranse percorridos de circulación de persoas en corredores, escaleiras, acceso á biblioteca, acceso ás aulas e zonas comúns.
- A circulación de persoas será ordenada e distanciada, evitándose o tránsito individual durante as entradas e saídas polos corredores.
- Serán permitidas as visitas externas ao centro en Secretaría e despachos, previa cita. Non se permitirá acceder a ningunha outra dependencia do centro. Instalarase na entrada unha **zona de desinfección** con:
  - Xel desinfectante
  - Panos desbotables
  - Papeleira de pedal ou recipiente similar con tapa
- É obrigatorio o uso de máscara en todo o centro, tanto nos corredores como nas portas de acceso ao recinto.


## 6.2. Identificación das instalacións educativas

O CPI A Xunqueira é un centro educativo con tres etapas: Infantil, Primaria e Secundaria. Encóntrase situado nunha parcela pechada de forma regular cunha superficie de 10.500 m<sup>2</sup>, lindando ao noroeste cunha rúa peonil, noroeste co paseo marítimo, ao sueste coa Avda do Mar e o sur-oeste con outra rúa peonil. O centro visto dende a Avda. do Mar encóntrase ao fondo da parcela, é un edificio illado de forma rectangular que ten un anexo na parte posterior onde se sitúa a cafetería, a dereita do edificio están dúas pistas de fútbol e baloncesto, ten ademais un parque infantil, e una construción exenta que é o depósito do gasóleo. O resto da parcela está dedicado a zona de recreo, xardín e accesos (A1, A2 e A3).


O edificio está distribuído en tres plantas, cunha altura aproximada de 9m. A Planta Baixa ten unha superficie construída de 1.373,60 m<sup>2</sup>, nesta planta encóntranse os accesos ao centro, tres portas pola fachada principal (S1, S2 e S3) con dúas ramplas de acceso para minusválidos e escaleiras, outra pola fachada lateral esquerda que comunica co ximnasio mediante unha rampla, pola fachada posterior encóntrase o acceso á vivenda do conserxe.

Planta	Acceso	Tipo de porta	Anchura	Follas
0	S1	Aluminio e cristal	150	4
0	S2	Aluminio e cristal	150	2
0	S3	Aluminio e cristal	150	2






### - Planta baixa (Administrativo e Infantil)



- Conserxaría
- Taller de mantemento
- Ximnasio
- Almacén do ximnasio
- Aseos nenos
- Aseos nenas
- Aseos mestres
- Botica de primeiros auxilios
- Secretaría-Despacho de secretaría
- Dirección

- Xefatura de estudos
- Aula Educación infantil 3 anos
- Atención alumnado con NEE
- Aula Educación infantil 4 anos
- Casa do conserxe
- Cuarto de cadros eléctricos
- Aseos nenas
- Aseos nenos
- ANPA

### - Planta primeira (Primaria)




**PLANTA PRIMEIRA (PRIMARIA)**

- Aula 1º
- Aula infantil 5 anos
- Aula de PT e Relixión
- Titoría AL
- Aula 2º
- Aula 3º
- Biblioteca
- Sala de máquinas do ascensor
- Aula 4ºA
- Aula 4ºB
- Aula 5º
- Laboratorio de Ciencias e Química
- Titoría PT
- Aula Inglés Primaria
- Aula 6º
- Almacén
- Aseos nenos

- Aseos nenas
- Aseo mestres
- Sala de Mestres

### - Planta segunda (Secundaria)



**PLANTA SEGUNDA (SECUNDARIA)**

- Aula de Música
- Aula 1º A
- Aula 1º B
- Aula de Debuxo
- Titoría Secundaria
- Aula 2º A
- Aula 2º B
- Aula
- Aula
- Aula de convivencia
- Cuarto do ascensor
- Aula 3º
- Aula auxiliar
- Aula 4º B
- Aula de Tecnoloxía
- Despacho Orientación
- Aula de Informática
- Aula 4º A
- Arquivos
- Aseos nenos
- Aseos nenas
- Aseo mestres

## 7. PROTOCOLO DE ACCESO, TRÁNSITO E ABANDONO DO CENTRO

### 7.1. Organización dos movementos para a entrada e saída

A continuación móstrase a organización das entradas e saídas dende a aula ata a zona onde o alumnado será entregado aos seus responsables.

<b>INFANTIL E PRIMARIA</b>		
<b>ENTRADA INFANTIL</b>		
Utilizarase a S3 para o alumnado de Infantil. O alumnado acompañado entrará no recinto cando toque a sirena seguindo este horario. <ul style="list-style-type: none"> <li>• 08:50 para o alumnado de 5 anos</li> <li>• 08:55 para o alumnado de 4 anos</li> <li>• 09:00 para o alumnado de 3 anos</li> </ul>		
<b>ENTRADA PRIMARIA</b>		
	<b>S1 esquerda</b> <i>Pasamáns pegado á parede</i>	<b>S1 dereita</b> <i>Pasamáns oposto</i>
08:35	5º	6º
08:40	3º	4º A e B
08:45	1º	2º
O alumnado que chegue con retraso, incorporárase á ringleira que estea a entrar nese momento, respectando a distancia de seguridade. Ao chegar á aula, iranse sentando no seu sitio esperando ao seu profesor/a e o inicio da clase.		
<b>ENTRADA SECUNDARIA</b>		
Abrirase a porte de acceso A3 (fronte ao Pavillón) ás 08:30 para dar acceso ao alumnado de Secundaria. Irán subindo ás aulas de forma ordenada, en ringleira, evitando agrupacións de alumnos/as e aglomeracións e respectando sempre a distancia de seguridade. Ao chegar á aula, sentarase no seu sitio e esperará ao profesor/a.		
<b>ENTRADA TRANSPORTE</b>		
O acceso do alumando transportado será pola porta A1. O alumnado de Infantil acompañado polo profesor/a de garda correspondente accederá ao centro e esperará a ser recollido polo seu profesor/a nos bancos da entrada. Sentaranse tendo en conta o grupo estable de convivencia ao que pertenzan (cada ringleira para un nivel) O alumnado de Primaria e Secundaria transportado accederá ao centro en canto chegue ao recinto. Subirán ás súas aulas e permanecerán sentados ata a chegada do profesor/a. Non se farán desprazamentos individuais polos corredores. En ningún momento se farán filas de entrada nin se deixarán as mochilas no porche. Non se xogará nin correrá polo recinto. Evitaranse corrillos na entrada. No momento da entrada respectarase a distancia de 1,5/2,0 m.		

<b>ENTRADAS E SAÍDAS DE FAMILIARES E ACOMPAÑANTES</b>
O resto do alumnado poderá ser acompañado ata a porta de acceso ao recinto A3. A partir das 09:00 só permanecerá aberto o acceso A3 (fronte ao pavillón) para os alumnos/as que cheguen con retraso xustificado e para familiares e/ou titores para trámites administrativos, sempre con cita previa e unha soa persoa por unidade familiar.

<b>SAÍDA DO ALUMNADO INFANTIL E PRIMARIA</b>
As saídas dos grupos realizaranse cos percorridos inversos á entrada.
<b>SAÍDA INFANTIL</b>

<p>Infantil pola porta S3:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 13:25 4º de Infantil</li> <li>• 13:30 5º de Infantil</li> <li>• 13:35 6º de Infantil</li> </ul> <p>Un acompañante por alumno/a con máscara posta. Na espera, evitaranse a formación de pequenos grupos. Unha vez recollido o alumno/a, deberase abandonar o recinto para evitar aglomeracións.</p>		
<b>SAÍDA PRIMARIA</b>		
	<b>S1 esquerda</b> <i>Pasamáns pegado á parede</i>	<b>S1 dereita</b> <i>Pasamáns oposto</i>
13:35	1º	2º
13:40	3º	4º A e B
13:45	5º	6º
<p>Ao non saír con toque de sirena, o profesorado deberá estar pendente da saída do curso anterior para que poida saír o grupo co que está. Poñerá especial atención en que os grupos non se crucen. Así, no momento da saída, se algún grupo xa estivera no corredor ocupando a beira, esperarase con tranquilidade a que este grupo pase. O profesorado correspondente deberá acompañar ao alumnado ata a porta do recinto, comprobando que se fai de forma ordenada e respectando a distancia de seguridade.</p>		
<p><b>TRANSPORTE</b> O alumnado de transporte será conducido en ringleira e ordenado dende o centro ata a porta do transporte con máscara ás 13:35</p>		
<b>SAÍDA SECUNDARIA</b>		
<p>Ao toque de sirena, o alumnado sairá da aula de forma ordenada, cando llelo indique o profesor/a.</p> <p>Tomando como referencia a escaleira central, dividirase a segunda planta en dúas partes. Unha sería a que está orientada cara ás pistas e outra sería a que mira ao pavillón. O alumnado das aulas que pertencen á parte orientada cara ás pistas, baixará polo lado da parede. Os demais farán a baixada polo lado oposto.</p> <p>No momento da saída, se algún grupo xa estivese no corredor ocupando a beira, esperarase con tranquilidade a que este grupo pase. O profesorado correspondente deberá acompañar ao alumnado ata a porta do recinto, comprobando que se fai de forma ordenada e respectando a distancia de seguridade.</p>		

## 7.2. Percorridos internos durante a xornada lectiva

Con carácter xeral, os alumnos/as permanecerán nas súas aulas de referencia e nas zonas habilitadas para os grupos. Minimizaranse os desprazamentos ás aulas específicas, sendo o profesor/a o que se desprace. En todos os desprazamentos o alumnado deberá levar máscara.

DESPRAZAMENTOS DOS ESPECIALISTAS DURANTE A XORNADA LECTIVA	
Música e Inglés Primaria	Os especialistas de Música e Inglés impartirán, na medida do posible, as clases nas aulas de referencia do alumnado. Só utilizaranse as aulas específicas de forma excepcional. De ser así, deberase desinfectar todo o material utilizado. Evitarase que o alumnado intercambie material.
Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe	Os apoios específicos de PT e AL realizaranse preferentemente na mesma aula de referencia. Cando sexa necesario, poderán utilizarse as aulas específicas para realizar actuacións educativas. De ser así, procederase á desinfección de superficies e material utilizado.
Educación Física	O profesorado recollerá ao alumnado na súa propia aula e levaraos ao ximnasio pola escaleira de baixada correspondente.
Relixión/Valores	Utilizarase a aula específica de Relixión e a aula de referencia para Valores.

	No caso do nivel desdoblado, o alumnado de dúas clases compartirán un mesmo espazo. Procederáse á desinfección dos espazos ao remate da clase.
Aulas específicas (Tecnoloxía, Laboratorio, Maker, Informática, auxiliar)	Utilizaranse seguindo o horario establecido, evitando: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os cruces de grupos nos desprazamentos.</li> <li>• Respectando a distancia de seguridade</li> <li>• Desinfectando as superficies da aula (mesa, cadeira, materiais) ao final da clase</li> <li>• Hixiene de mans ao entrar e ao saír</li> </ul>

<b>BAÑOS</b>
O alumnado irá ao baño con máscara, respectándose o aforo en todo momento.

<b>RECREO INFANTIL</b>
<p>Asignaranse tres zonas de recreo, correspondendo aos tres grupos estables de convivencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Zona 1: Porche</li> <li>• Zona 2: zona do patio nº 5</li> <li>• Zona 3: zona do patio nº 6</li> </ul> <p>Poderanse usar diariamente cada zona por un grupo. O parque infantil permanecerá inaccesible ao alumnado por non estar garantida a desinfección.</p> <p>O profesorado de garda comprobará que non haxa transferencia de grupos dunha zona a outra.</p> <p>O regreso ás aulas será tamén escalonado. Irán entrando por grupos e sempre antes de que saia ao recreo o alumnado de Primaria.</p>
<b>RECREO PRIMARIA E SECUNDARIA</b>
<p>A baixada ao recreo farase escalonada. Unha vez toque a sirena do recreo irán baixando en orde. Será obrigatorio o uso da máscara no patio e nos corredores. O profesorado de terceira hora (cuarta no caso de Secundaria) coordinará a saída co alumnado co que se encontre nese momento.</p> <p>No caso de choiva, o alumnado permanecerá na aula coa porta aberta realizando xogos de mesa ou outra actividade co seu grupo estable de convivencia.</p> <p>Asignarase unha zona de recreo a cada grupo cada día:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Zona 1: Pista de baloncesto</li> <li>• Zona 2: Pista de fútbol</li> <li>• Zona 3: Lateral da pista de fútbol coa casa do conserxe</li> <li>• Zona 4: Mesa pimpón (marcada con 4 no plano de situación)</li> <li>• Zona 5: Zona dianteira do porche parte dereita</li> <li>• Zona 6: Zona dianteira do porche parte esquerda</li> <li>• Zona 7: Zona dianteira a continuación da parte dianteira do porche ata a saída</li> </ul> <p>Estas zonas iranse rotando ao longo da semana. Estará a disposición de cada aula un horario de uso destas zonas.</p> <p>O alumnado deberá levar máscara no tempo de recreo.</p> <p><b>NO RECREO DE PRIMARIA</b> a subida ás aulas farase escalonada, para evitar aglomeracións, respectando a distancia de seguridade, en orde e pola porta correspondente a cada grupo. Será o profesor/a de garda o que indique o tempo e a orde de subida:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 11:40 5º e 6º</li> <li>• 11:45 3º e 4º</li> <li>• 11:50 1º e 2º</li> </ul> <p><b>NO RECREO DE SECUNDARIA</b> a subida farase polas portas S1 e S2.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1º e 2º de Secundaria entrará pola porta S1, utilizando as escaleiras de Primaria</li> <li>• 3º e 4º de Secundaria entrará pola porta S2, utilizando a escaleira central</li> </ul>

<b>CAFETERÍA</b>
O alumnado accederá á cafetería por fóra. No caso de choiva, irán por dentro dende as aulas, utilizando a escaleira máis próxima a esta. No momento de subir ás aulas, deberán facelo polas escaleiras correspondentes (a central para Secundaria e a do extremo para Primaria). Non poderá haber máis de catro alumnos/as no mostrador. Os interesados deberán esperar en ringleira separados a distancia social e todos con máscara.
<b>COMEDOR</b>
O alumnado de Infantil será conducido ao comedor no momento de saír. Irían por grupos, primeiro os de 4º de Infantil, logo os de 5º e por último os de 6º (o mesmo profesor/a que leva aos primeiros poderá ir levando aos outros no caso de que fixera falta. Os alumnos/as irán en ringleiras e con máscara posta. O funcionamento do servizo de comedor escolar contará con instrucións específicas de acordo aos criterios que determine a autoridade sanitaria.

## 8. INSTRUCCIÓNS DE USO DE ESPAZOS COMÚNS E ASEOS. AFOROS

### 8.1. Espazos comúns

Ao inicio da xornada escolar, os espazos comúns estarán adecuadamente ventilados, limpos e desinfectados.

#### 8.1.1. Biblioteca

Para preservar a distancia de seguridade na biblioteca de 1,5 m, colocarse na entrada un cartel co aforo correspondente. Establécese o aforo de 15? alumnos/as.

- Os postos informáticos distanciaranse entre si o suficiente. Deberán desinfectarse teclado, rato e pantalla despois de cada uso. O profesor/a de garda comprobara que se fai este proceso.
- Os postos de lectura tamén se distancian, deixando unha cadeira baleira entre posto e posto. Evitaranse as zonas de chan onde os alumnos/as fagan lectura en común sen distanciamento.
- Acudirán á biblioteca sempre con máscara. Entrarase por unha porta indicada como ENTRADA e saírase pola outra indicada como SAÍDA.
- Nos recreos, asignarase un día da semana para cada grupo, minimizando así o risco de contaminación con outros grupos.
- En caso de choiva, a biblioteca permanecerá pechada. O profesor/a de garda colaborará con profesorado de garda de recreo.
- Instrucións de uso da biblioteca:
  - O encargado será sempre o que entregue e recolla os libros prestados.
  - Establecerase un lugar onde se deixarán os libros tocados polos usuarios. Non serán devoltos inmediatamente á balda correspondente.
  - Cada libro manipulado meterase en caixas cada día. Unha vez desinfectada a bolsa de plástico, o libro deberá permanecer dous días alí antes de ser colocado no seu lugar.
  - Extremarase a hixiene de mans tanto do profesorado coma do alumnado

### 8.1.2. Sala de profesores/as e titoría Secundaria

Colocarase un cartel co aforo na entrada da sala de profesores e na titoría de Secundaria. Cando non se poda manter a distancia social de 1,5 m, será obrigatorio o uso da máscara nestes espazos.

ESPAZO		AFORO
Planta Baixa	Sala de entrevista familias	2
Primeira planta	Sala de Profesores/as	12
Segunda planta	Titoría Secundaria	7

### 8.1.3. Cafetería/Comedor

Colocarase un cartel co aforo á entrada da cafetería e dentro nun lugar visible.

Non estará permitido o acceso á cafetería para o alumnado. Para a venda, haberá un mostrador na entrada.

Como **comedor** establecerase un aforo de

- Procurarase situar aos alumnos/as nas mesas nos seus grupos e referencia.
- Limparase e desinfectarase o espazo de comedor antes e despois de cada comida.
- En ningún momento se utilizarán obxectos de uso compartido: servilleteiros, aceiteiras, saleiros, etc.
- O alumnado que remate a comida esperará a ser recollido no asento que ocupe no comedor. Deberá levar máscara a partir de 1º de Primaria (aconsellable no alumnado de 3 a 5 anos).
- Aos usuarios mediráselles a temperatura á entrada.
- Tanto á entrada como á saída comprobarase a correcta hixiene de mans.

### 8.1.4. Conserxaría e Fotocopiadoras

Conserxaría será unha zona de acceso restrinxido cun aforo de tres persoas.

Custodiaranse as copias e entregaranse unicamente ao destinatario. Este evitará tocar baldas, outras copias ou calquera superficie.

As copias deberían ser encargadas con antelación suficiente. Unha vez feitas, colocaranse nos casilleiros do profesorado.

Limparanse con frecuencia mostrador, teclados, pantallas, ... etc. con solución desinfectante

### 8.1.5. Secretaría

Tanto en Secretaría como en Administración, atenderase a unha persoa cada vez e sempre previa cita.

### 8.1.6. Ascensor

No momento en que se abandone o ascensor, habería que desinfectar o teclado e o botón de chamada..

## 8.2. Aseos

Colocarase cartelería na entrada para indicar o aforo de cada baño: cinco persoas. En caso de aforo completo, os alumnos e alumnas deberán volver á aula, non podendo esperar no corredor

- **Equipamento:**



- Dispensadores de xabón
- Papel seca mans desbotable
- Papeleira con pedal ou tapa
- **Normas**
  - Evitar aglomeracións. Respetar o aforo indicado na porta
  - Limpeza, polo menos, tres veces ao día

Planta	Aseo	Xabón	Papel	Papeleira	Aforo	Limpeza
Baixa	Nenos				5	Dúas veces ao día
	Nenas				5	
	Visitantes				1	
	4º de Infantil				2	
	5º de Infantil				2	
Primeira	Nenos				5	
	Nenas				5	
	Profesorado				1	
Segunda	Nenos				5	
	Nenas				5	
	Profesorado				1	

## 9. AFOROS MÁXIMOS EN AULAS E ESPAZOS COMÚNS

### 9.1. Aulas

Todas as aulas que compoñen o centro teñen unha dimensión de pouco máis de 60 m<sup>2</sup>. O aforo máximo sería de aproximadamente 18/20 alumnos/as.

Segundo a ratio do alumnado matriculado no CPI A Xunqueira para o curso 2020/21, é factible manter a distancia na maioría das aulas. Tanto o profesorado coma o alumnado a partir de 1º de Primaria, están obrigados ao uso da máscara durante toda a xornada escolar.

### 9.2. Aulas específicas

#### 9.2.1. Laboratorio, debuxo, tecnoloxía, aula maker, auxiliar, convivencia...

Nas aulas de desdobre, talleres, aula de música, debuxo ou informática extremaranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso compartido.

Será obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

O material que sexa compartido de acordo coa metodoloxía propia da clase, deberá ser desinfectada. Implicarase ao alumando na concienciación social que ten a limpeza de elementos comúns.

Evitarase que o alumnado estea encarado a menos de 1,5 m. No caso de música, se utilizarse instrumentos de vento, a distancia interpersoal será de 3 m.

#### 9.2.2. Informática

Na aula de informática garantirase a distancia de seguridade en todos os postos. Naqueles onde non se poda, colocarse unha mampara..

As superficies deberán ser desinfectadas, ademais do teclado, rato e pantalla.

É aconsellable a ventilación da aula de forma regular. Sería idóneo facelo cada cambio de clase.

### 9.2.3. Ximnasio

Será obrigatorio o uso da máscara para o alumnado de Primaria e Secundaria durante as clases de Educación Física.

Utilizaranse os vestiarios da forma habitual, pero facendo a entrada e a saída por quendas (de seis en seis). Cada alumno/a terá asignada unha zona para cambiarse que será respectada en todo momento.

### 9.2.6. Plástica

Na aula de plástica garantirase a distancia de seguridade en todos os postos. As superficies deberán ser desinfectadas por cada grupo ao abandonar a aula.

É aconsellable a ventilación da aula de forma regular. Sería idóneo facelo cada cambio de clase.

### 9.2.7. Aula Convivencia

Na aula de convivencia garantirase a distancia de seguridade en todos os postos. As superficies deberán ser desinfectadas unha vez se abandone a aula. É aconsellable a ventilación da aula de forma regular.

### 9.2.9. Relixión

Nesta aula garantirase unha correcta ventilación. Ademais da desinfección de superficies nos cambios de clase e a hixiene de mans antes e despois.

## 10. DESCRICIÓN DAS CONDICIÓNS DE HIXIENE E SAÚDE DOS TRABALLADORES E DO ALUMNADO

O equipo COVID 19 asegurará o cumprimento das normas de desinfección, prevención e acondicionamento que se establecen neste plan e outras que poidan vir ditadas polas autoridades sanitarias.

Tomaranse as medidas organizativas necesarias tanto nos recreos como nas entradas e saídas para evitar as aglomeracións e garantir que se manteña a distancia de 1,5 m polo menos. Cando non sexa posible, tomaranse as medidas de hixiene adecuadas que axuden a previr os contaxios.

### 10.1. Materiais de hixiene

<b>Máscaras</b>	<p>O centro disporá de máscaras para o persoal docente e non docente. Serán máscaras cirúrxicas ou hixiénicas. Este tipo son as recomendables para o uso no centro.</p> <p>Tanto profesorado, como alumnado e persoal non docente deberán portar as súas máscaras.</p> <p>Recoméndase ao alumnado que debe portar unha segunda máscara de reposto nova polo que puidera pasar coa que traía da casa. De todas formas, se algún alumno/a, no acceso ao centro, carecera de máscara, o centro proporcionarlle unha.</p> <p>No caso de existir reincidencia na carencia da máscara, o alumnado deberá aboar a cantidade de 1€ por máscara.</p>
<b>Luvas</b>	<p>O uso de luvas non é recomendable, agás nos casos de manipulación de alimentos, cambio de cueiros ou tarefas de limpeza.</p>

<b>Termómetro</b>	Recoméndase tanto ao alumnado coma ao profesorado e persoal non docente que tomen a temperatura todos os días. O centro disporá dun termómetro de infravermellos para poder tomar a temperatura a calquera persoa da comunidade educativa.
<b>Solución desinfectante de mans</b>	<p>Deberase promover e intensificar o reforzo da hixiene de mans. O lavado de mans con auga e xabón é a elección máis idónea para todo o alumnado. No caso de que non sexa posible, as aulas e espazos comúns contarán cunha solución desinfectante para manter a hixiene adecuada.</p> <p>Nas aulas de Infantil, 1º e 2º de Primaria terase unha especial precaución no almacenamento destas solucións hidroalcolicas para evitar inxestas accidentais. O seu uso deberá estar sempre supervisado polo profesorado.</p> <p>Os aseos do alumnado contará con dispensadores de xabón, panos seca mans desbotables e papeleiras de pedal e tapa.</p> <p>Procurarase unha revisión periódica do funcionamento dos dispensadores, para proceder a reparalos, enchelos ou cambialos cando sexa necesario.</p>

### 10.2. Relación de material de hixiene necesario

	Nº	Máscaras	Termómetro	Luvax	Hidroxel	Papel	Papeleiras
Profesorado	39	200 10% FFP2					
Alumnado	300	10%					
Nº de aulas	20				20	20	20
Espazos comúns: Biblioteca, botiquín, sala de profes, titoría planta baixa	7				7	7	7
Aulas específicas: Informática, Tecnoloxía, aula Maker, PT (3), AL,	8				8	8	8
Outros espazos (Entrada, atención NEE, Conserxería)	3				3	3	3
Despachos	6				6	6	5
Baños	9					9	9
Reposición	Mensual						
Unidades ou caixas	Unidades	300	1	5	44	53	52
Compras realizadas							

## 11. ENTREGA DE EPI NECESARIOS PARA O PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE

Entregaráselle ao persoal docente e non docente máscaras cirúrxicas ou hixiénicas se non son persoas vulnerables e unha máscara FFP2 reutilizable.

Facilitaráselle máscaras FFP2 se o traballador/a é vulnerable, ou o seu traballo é de atención directa ao alumnado con NEE.

Dende o Equipo COVID 19 velarase polo correcto uso da máscara.

As luvas non están aconselladas, agás en casos moi particulares, como se sinalou no epígrafe 10.

Normas de uso, colocación e mantemento	
Máscaras	Luvas
<p>Ao colocala, deberase comprobar que cobre nariz e boca. Poñerase atención especial no axuste da parte superior da máscara no nariz. As máscaras cirúrxicas serán utilizadas durante toda a xornada de traballo.</p>	<p>Cando se traballe con luvas, evitarase tocar cara, nariz, boca e ollos. Son dun só uso. Ao retiralas das mans, hai que extremar o coidado antes de botalas nunha papeleira con pedal.</p>

## 12. INSTRUCIÓNS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS DEPENDENCIAS DO CENTRO

Durante a xornada lectiva, unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente. No caso dos aseos. A limpeza será de dúas veces na xornada.

Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes: mesas, pasamáns, teléfonos, perchas, etc.

Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras (todas con bolsa) e polo menos unha protexida con tapa.

Cando as circunstancias climatolóxicas o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

Cando un profesional preste asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador, profesor/a,...) ventilarase a aula ou sala 15 minutos logo de cada sesión.

## 13. INSTRUCIÓNS PERSOAL DO CENTRO

As medidas adoptadas estarán sometidas a continua revisión, tendo en conta os seguintes aspectos: condicións do centro, servizos prestados e as recomendacións das autoridades sanitarias.

A Dirección do centro e o Equipo COVID 19 serán os responsables da aplicación deste protocolo, das medidas adoptadas, da organización e da provisión de material.

### 13.1. Indicacións xerais

As persoas vulnerables ao COVID 19 (hipertensión arterial, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión...) poderán volver ao traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, mantendo de forma

estrita as medidas de protección. Para a cualificación como persoa especialmente sensible ao SARS-CoV-2 seguirase o disposto polas autoridades sanitarias previsto no PLAN DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID 19 para o curso 2020/21 publicado pola Consellería de Educación o 14-97-2020. (ANEXO II e III).

O uso da máscara será obrigatorio en todo o centro educativo. Deberase levar en todo momento.

#### 13.1.1. Non se debe acudir ao centro

O persoal do centro non deberá acudir ao centro se presenta síntomas compatibles co COVID 19 (febre, tose, sensación de falta de aire, diminución de olfacto e gusto, diarrea e vómitos,...). Neste caso informarase ao Equipo COVID 19 . Este informará Xefatura Territorial de Sanidade ademais de poñelo en coñecemento na canle informática que a Consellería de Educación poñerá en marcha para o curso 2020/21.

Se o persoal do centro se encontra en período de corentena domiciliaria por ter estado en contacto cunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID 19, non se poderá acudir ao centro ata que se confirme o remate do período de illamento.

Se o traballador/a estivese en contacto ou compartiran espazo sen gardar a distancia de seguridade durante máis de 15 minutos con persoas afectadas polo COVID 19, tampouco se poderá acudir ao centro por espazo de 10 días. Durante este período, Atención Primaria realizará o seguimento por se aparecesen síntomas desta enfermidade.

#### 13.1.2. No centro educativo

Dende o momento que se entre no recinto escolar, preservase a distancia interpersoal de 1,5m tanto do alumnado como do persoal do centro.

Todo o profesorado facilitará a organización do acceso ao centro, colaborando para impedir as aglomeracións. Non se obstaculizarán as zonas de paso, evitando pararse.

Velarase por que se cumpran as medidas de hixiene e distanciamento establecidas por parte de todo o alumnado, especialmente no acceso ás aulas, evitando aglomeracións nas entradas.

As reunións de Consello Escolar e Claustro realizaranse de forma telemática, así como todas aquelas reunións nas que non se poda garantir a distancia de seguridade.

#### 13.1.3. Dentro da aula

Comprobarase que a distribución da aula permite manter a distancia de 1,5m dende o centro da mesa. No caso de que a aula supere o aforo de 20 alumnos/as, o alumnado non poderá sacar a máscara en ningún momento.

Incidirase diariamente na importancia do cumprimento das medidas de prevención, hixiene e distancia social.

Ventilarase de forma frecuente a aula. As portas das aulas permanecerán abertas, sempre que non interrompan a actividade docente, para facilitar a ventilación.

Se a aula se vai utilizar para unha hora de clase concreta, antes de abandonala, o alumnado deberá desinfectar mesa e cadeira así como todo o que fora susceptible de ser tocado.

Recoméndase que o alumnado non intercambie mesas, cadeira ou calquera outro material de forma que todos os días e no máximo de clases posibles, utilice o mesmo lugar.

No caso de que ese posto escolar fose a ser ocupado por outro alumnado nunha determinada sesión, o alumno/a deberá despezar a mesa e desinfectar mesa e cadeira.

Durante o desenvolvemento da clase, procurarase que o alumnado se levante o menos posible. Será o profesorado quen se acerque á mesa de cada alumno/a.

Fomentarase non compartir obxectos nin materiais, recordando que debe traer todo o necesario de casa.

No caso de que o profesorado deba requirir material ao alumnado, non debe esquecerse da hixiene de mans tras o uso.

Se, nun momento dado, se compartisen materiais, hai que poñer atención nas medidas de hixiene (lavado de mans, evitar tocarse nariz, ollos e boca).

Limitar ao máximo o uso de documentos en papel que haxa que compartir.

Se tras unha sesión o alumnado debe saír da aula, o profesorado asegurase que o alumnado segue as medidas de hixiene e prevención establecidas , evitando aglomeracións nos corredores e zonas comúns.

Ao final da xornada, mesas e cadeiras deben quedar completamente despexadas para facilitar a limpeza das mesmas.

#### 13.1.4. Durante os recreos e accesos a zonas comúns

Nos recreos evitarase que se concentre un gran número de alumnos/as, debéndose de respectar as zonas asignadas.

O acceso aos baños farase de forma ordenada, respectando o aforo de 4 persoas nos baños da planta baixa e 5 nos baños da primeira e segunda planta. Os demais, deberán permanecer en ringleira cunha distancia de 1,5 m. En caso de choiva, permanecerán nas aulas, coas portas abertas, podendo acudir ao baño sempre e cando se respecten o aforo e a distancia social.

Todo o persoal colaborará co profesorado de garda na vixilancia do cumprimento das normas de acceso e recordando as instrucións establecidas de distanciamento social e hixiene. En Primaria, bajarán ao recreo por orde baixo a vixilancia do profesorado correspondente, evitando as aglomeracións e respectando a distancia de seguridade.

Evitar tocar obxectos doutras persoas ou superficies comúns. Lavar as mans antes e despois de tocar obxectos de uso común. Lavar as mans despois de tocar impresoras ou ordenadores.

Se se utilizasen ordenadores do centro, desinfectar pantalla, teclado e rato despois de cada uso.

Ventilar convenientemente os espazos comúns (sala de profesores, titoría, biblioteca, ...).

Respectar a distancia de seguridade entre alumnado e profesorado.

Respectar os aforos máximos das zonas comúns.

#### 13.1.5. Ao saír do centro

Colaborar na organización da saída, axudando a evitar as aglomeracións nas portas por parte do alumnado.

Vixiar diariamente o estado de saúde das persoas coas que se convive e a propia.

Hixiene de mans antes de saír do centro.

Hixiene de mans ao chegar á casa así como cambio de calzado para estar na casa.

Se se convive con persoas vulnerables para o COVID 19, deben coidarse as medidas de prevención de contaxios e hixiene no fogar.

## 13.2. Recomendacións segundo o posto de traballo

### 13.2.1. Protocolo para E. Infantil

Organizarase a entrada e a saída de maneira que non entre ningún pai/nai/titor/a no centro acompañando ao alumno/a.

Intensificarase a hixiene de mans (con auga e xabón) asegurándoa nos seguintes momentos: ao chegar ao centro, tras esbirrar ou asoarse, ao cambiar de espazo ou actividade, antes e despois de comer, despois de ir ao baño e sempre que haxa lixo visible.

Para a hixiene de mans utilizarase xabón de mans, quedando o xel hidroalcohólico para uso do profesorado, tendo a precaución de non deixalo accesible sen supervisión.

Na interacción próxima co alumnado de Infantil, necesaria para a súa adecuada atención (telos en brazos, por exemplo) o persoal deberá levar máscara.

Eliminar da aula xoguetes ou obxectos innecesarios e/ou de difícil limpeza.

Se houberse que desprazar a varios grupos no centro, evitarse que ese desprazamento sexa simultáneo.

O alumnado relacionarase co seu grupo clase de forma estable, podendo xogar entre si sen ter que respectar a distancia de seguridade. Deberase restrinxir ao máximo o contacto con outros grupos do centro.

Na aula traballarase con grupos colaborativos de non máis de cinco alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos). Estes grupos traballarán cun distanciamento de polo menos 1,5 m.

Na medida do posible, os apoios e reforzo realizaranse na mesma aula de referencia, procurando que o número de docentes que atenda a este alumnado sexa o mínimo posible.

Dadas as características do mobiliario desta etapa educativa (o mesmo espazo para varios alumnos/as) non se pode garantir a distancia persoal en cada mesa. Tratarase que a distancia entre as mesas sexa a máxima posible.

Terase especial coidado na disposición do alumnado de NEE que reciba apoio en aula para garantir un espazo suficiente para o profesorado que o atende.

A superficie de traballo do profesor/a deberá estar regularmente desinfectada, sobre todo despois de ser usada.

No patio extremarase a vixilancia, coa finalidade de limitar os contactos con alumnos/as doutras clases.

Ao centro só accederá un acompañante por alumno/a. Será entregado na porta aos responsables. En ningún momento se accederá ao edificio, agás previa cita. Manterase en todo momento a distancia social entre os acompañantes.

Na aula, os alumnos/as sentaranse sempre no mesmo sitio. Darase prioridade ás actividades individuais fronte ás colectivas.

#### DOTACIÓN MÍNIMA DE AULA

Xabón de mans Xel hidroalcolico (para uso do profesorado) Panos desbotables Limpador desinfectante de superficies (sempre lonxe do alcance do alumnado) para uso do profesorado Papeleiras con tapa e pedal
---

#### *Material específico de Infantil*

Os xoguetes e materiais didácticos deben ser de materiais non porosos para posibilitar a súa limpeza.

Os xoguetes utilizados polo grupo un día, deberán ser deixados nunha caixa rotulada como: “PARA DESINFECTAR”. Non se deben usar ata que non sexan desinfectados. Quen????? Para desinfectalos utilizarase auga e xabón tipo lavalouzas. Para os xoguetes que non poidan ser lavados, utilizarase unha baeta limpa cunha disolución desinfectante (de lixivia, por exemplo, 100 ml de lixivia por 5 l de auga fría) .

Os materiais como pinturas, ceras, lapis, etc. serán de uso individual, dispostos en recipientes identificados co nome ou foto do alumno/a. Evitaranse as plastilinas.

No caso de traballo con fichas, estas meteranse nun sobre de plástico, permanecendo alí polo menos dous días de corentena. En ningún momento os alumnos/as repartirán os materiais aos compañeiros/as (fichas, libros, etc).

O profesorado especialista impartirá docencia na aula de referencia, sempre que sexa posible.

O alumnado de traerá a merenda nunha bolsa de tea que deberá lavarse diariamente a 60°. A merenda realizarase na aula, procedendo á desinfección de superficies unha vez rematada.

Elaborarase unha rutina coa hixiene de mans: ao chegar, ao saír e entrar na clase, despois de merendar, ao entrar e saír do baño, etc. Será sempre con auga e xabón e panos desbotables.

No recreo, rotarase por grupos estable de convivencia o uso do parque. Desinfectarase diariamente este despois da xornada.

Non existirá intercambio de xoguetes ou material dentro da mesma aula.

Ao remate da clase, procederase á desinfección da superficie das mesas e da mesa do profesor/a.

As billas dos lavabos só se utilizaran para o lavado de mans, nunca para beber ou encher unha botella de auga.

#### 13.2.2. Protocolo para Primaria

Establecerase un grupo estable de convivencia por cada grupo aula.

Será obrigatoria a máscara para o alumnado de Primaria, sendo o seu uso imprescindibles no acceso ao centro, no tránsito polos corredores,...

Dado que os postos escolares de 1º de Primaria son dobres, deberán tomarse precaucións similares ás de Infantil.



Mentres dure a crise sanitaria, darase prioridade á aula de referencia para realización de actividades. Na medida do posible, será o especialista o que se desprace dun grupo a outro.

Cada aula contará cunha dotación mínima de :

<b>DOTACIÓN MÍNIMA DE AULA</b>
Xel hidroalcolico (baixo supervisión do profesorado) Panos desbotables Limpiador desinfectante de superficies (sempre lonxe do alcance do alumnado) para uso do profesorado Papeleiras con tapa e pedal

#### Distribución de espazos

Os postos escolares deberán respectar a distancia de 1 m, segundo indica o Protocolo de Adaptación ao COVID publicado pola Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

No caso de non poder respectarse dita distancia, distribuiranse os pupitres coa maior distancia posible.

Eliminarase da aula todo aquel mobiliario e obxectos innecesarios, para facilitar a limpeza e diminuír o risco de contaminación.

No caso de Relixión e Valores, o alumnado colocarse na aula mantendo a distancia de seguridade.

As mesas non deberán moverse durante toda a xornada.

As mochilas colocaranse colgadas en colgadores ou do gancho da mesa. Evitando así o contacto co chan.

Cando as aulas queden libres por ter que desprazarse o alumnado a aulas específicas, deixaranse as ventás abertas (se as condición climatolóxicas o permiten).

Poñerase especial coidado en ter desinfectada a superficie de traballo do profesorado.

#### Actividade diaria

A entrada e saída será escalonada, segundo figura neste protocolo. Tratarase de evitar as aglomeracións do alumnado e os cruces innecesarios.

Recoméndase que o alumnado traia a merenda nunha bolsa de tea, onde traerá tamén unha botella de auga e unha máscara de reposto. Esta bolsa será lavada diariamente a 60°.

Ao entrar, o alumnado sentarase no seu posto, en ningún momento se intercambiará cun compañeiro/a libremente. O profesorado poñerá especial atención na distribución dos sitios dentro da aula, tendo en conta as dificultades de audición ou visión así como ao alumnado con NEE.

Dentro da aula, darase prioridade ás actividades individuais fronte ás de equipo.

O profesorado especialista impartirá as clases na aula de referencia.

En ningún momento se intercambiará material entre o alumnado (lapis, goma, bolígrafo,...).

Procurarase que o alumnado leve á casa o menor material posible, para minimizar o risco de contaminación.

Nos intercambios, o alumnado permanecerá sentado no seu posto, evitando as aglomeracións na porta de entrada. No caso de Relixión e Valores, o alumnado que permaneza na aula de referencia deberá quedar no seu posto sempre. No caso de desdobre, cando os postos escolares vaian ser utilizados por outros alumnos/as, deberá procederse á desinfección de superficies e hixiene de mans ao entrar e ao saír, baixo a supervisión do profesorado correspondente.

Os desprazamentos necesarios (baixada ao recreo, baixada ao ximnasio, ...) realizaranse sempre coa máscara posta.

En ningún momento se compartirán nin merendas nin botellas de auga. Estas botellas traeranse da casa. Non se poderán encher nas billas do centro.

Establecerase unha rutina de hixiene de mans que haberá que repetir diariamente. Esta acción levarase a cabo ao comezo da xornada, cada vez que haxa un desprazamento, ao subir e baixar ao patio, ao saír,...

Evitaranse os desprazamentos de alumnos/as pola aula. Na medida do posible, será o profesor/a quen se desprace ao posto dos alumnos e alumnas.

### 13.2.3. Protocolo Secundaria

Establecerase un grupo estable de convivencia por cada grupo aula.

Será obrigatoria a máscara para o alumnado de Secundaria, sendo o seu uso imprescindible no acceso ao centro, no tránsito polos corredores,... Non se poderá acceder ao centro se se carecese desta.

Cada aula contará cunha dotación mínima de :

<b>DOTACIÓN MÍNIMA DE AULA</b>
Xel hidroalcolico (baixo supervisión do profesorado)
Panos desbotables
Limpador desinfectante de superficies (sempre lonxe do alcance do alumnado) para uso do profesorado
Papeleiras con tapa e pedal

#### Distribución de espazos

Os postos escolares deberán respectar a distancia de 1,5 m, segundo indica o Protocolo de Adaptación ao COVID publicado pola Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

Os postos escolares estarán orientados na mesma dirección.

No caso de que non sexa posible a distancia de 1,5 m nas aulas específicas, colocaranse mamparas.

Eliminarase da aula todo aquel mobiliario e obxectos innecesarios, para facilitar a limpeza e diminuír o risco de contaminación.

As mesas non deberán moverse durante toda a xornada.

As mochilas colocaranse colgadas en colgadores ou do gancho da mesa. Evitando así o contacto co chan.

Cando as aulas queden libres por ter que desprazarse o alumnado a aulas específicas, deixaranse as ventás abertas (se as condición climatolóxicas o permiten).

Poñerase especial coidado en ter desinfectada a superficie de traballo do profesorado.

#### Actividade diaria

A entrada e saída será escalonada, segundo figura neste protocolo. Tratarase de evitar as aglomeracións do alumnado e os cruces innecesarios.

Ao entrar, o alumnado sentarase no seu posto, en ningún momento se intercambiará cun compañeiro/a libremente. O profesorado poñerá especial atención na distribución dos sitios dentro da aula, tendo en conta as dificultades de audición ou visión así como ao alumnado con NEE.

Dentro da aula, darase prioridade ás actividades individuais fronte ás de equipo.

En ningún momento intercambiarase material entre o alumnado (lapis, goma, bolígrafo,...).

Procurarase que o alumnado leve á casa o menor material posible, para minimizar o risco de contaminación.

Nos intercambios, o alumnado permanecerá sentado no seu posto, evitando as aglomeracións na porta de entrada. No caso de desdobre, cando os postos escolares vaian ser utilizados por outros alumnos/as, deberá procederse á desinfección de superficies e hixiene de mans ao entrar e ao saír, baixo a supervisión do profesorado correspondente.

Os desprazamentos necesarios (baixada ao recreo, baixada ao ximnasio, ...) realizaranse sempre coa máscara posta.

En ningún momento se compartirán nin merendas nin botellas de auga. Estas botellas traeranse da casa. Non se poderán encher nas billas do centro.

Establecerase unha rutina de hixiene de mans que haberá que repetir diariamente. Esta acción levarase a cabo ao comezo da xornada, cada vez que haxa un desprazamento, ao subir e baixar ao patio, ao saír...

Evitaranse os desprazamentos de alumnos/as pola aula. Na medida do posible, será o profesor/a quen se desprace ao posto dos alumnos e alumnas.

Non se utilizarán as taquillas mentres dure a situación de alerta sanitaria.

#### 13.2.4. Profesorado de música

Durante as clases de música non se compartirá ningún instrumento. O alumnado utilizará o seu de forma individual. Estes instrumentos, deberán limparse e desinfectarse antes e despois da clase.

Non se recomentan instrumentos de vento, pois supoñen un risco grande de infección.

### 13.2.5. Profesorado Educación Física

Os uso das instalacións deportivas debe ser supervisado e autorizado polo profesorado responsable nese momento do grupo de alumnos/as, debéndose de respectar a distancia de seguridade.

Manterase a distancia de seguridade ampliada e adaptada á actividade a desenvolver. No caso de que non se poda manter, será obrigatorio o uso da máscara. Estas son as distancias ampliadas en función da actividade:

- Marcha rápida: 5m
- Correr: 10 m

Deberase ter unha correcta hixiene de mans antes do adestramento, despois do adestramento e aquelas veces que fose necesario.

Incentivaranse as actividades ao aire libre sempre que sexa posible.

Minimizaranse ao máximo as actividades de contacto. De non poder ser, utilizarase máscara e unha correcta hixiene de mans.

O material utilizado no desenvolvemento da clase deberá ser desinfectado para o seguinte uso.

### 13.2.6. Persoal coidador

É aconsellable desinfectar cremas, envases ou calquera obxecto que se use para reducir o risco de contacto indirecto entre un alumnado e outro.

Disporase de xabón, loción desinfectante e hidroalcol así como panos desbotables.

Desinfectarase a padiola e as superficies de contacto despois de cada alumno/a.

### 13.2.7. Profesorado de Audición e Linguaxe e P. Terapéutica

É aconsellable reducir o risco de contacto indirecto entre un alumnado e outro. Para garantir a máxima hixiene, deberase desinfectar a superficie de traballo despois de cada alumno/a.

As tarefas de asesorar e informar aos titores/as, equipos docentes e o resto da comunidade, realizarase en grupos pequenos. Se non fose posible, utilizaranse as ferramentas telemáticas e ferramentas colaborativas.

As reunións de coordinación realizaranse en pequenos grupos.

Nas reunións, os asentos disporanse de maneira que os participantes estean separados 1,5 m e colocaranse dispensadores desinfectantes nun lugar visible. Se non fose posible, recorrerase ás aplicacións telemáticas.

A coordinación con outras institucións realizarase de forma telemática.

### 13.2.7. Equipos docentes, reunións e titorías

As reunións de Consello Escolar realizaranse de forma telemática así como as de claustro cando non se poda garantir a distancia de seguridade.

As reunións de titoría faranse de forma telemática ou telefónica preferentemente. Poden solicitarse a través do correo electrónico [cpi.axunqueira@edu.xunta.gal](mailto:cpi.axunqueira@edu.xunta.gal), do correo do profesorado (publicarase na web do centro) ou de forma telefónica chamando ao 881 930 110.

No caso de que deban ser presenciais, será previa cita garantíndose as normas de hixiene: distancia de seguridade, desinfección de local e máscara obrigatoria.

#### 13.2.8. Alumnado con NEE

Recoméndase o uso de máscara dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade.

No caso de non poder facer uso da mesma, optarase por outras fórmulas q garantan a protección individual (uso de pantallas, mamparas, etc).

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas e saídas, traslados e momentos de recreo, así como a hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

O Departamento de Orientación colaborará co Equipo COVID na identificación das necesidades que este alumnado precise.

## ANEXOS

PROTOCOLO COVID 19

## MEDIDAS DE PREVENCIÓN PARA OS ALUMNOS E AS ALUMNAS

### Antes de vir ao cole:

- ⇒ Non debes acudir ao centro se tes síntomas compatibles co COVID 19 ou se estás en corentena domiciliaria por ter contacto con algunha persoa contagiada.
- ⇒ Evita as **AGLOMERACIÓNS** tanto no transporte como nas entradas e saídas así como nos desprazamentos polo centro.
- ⇒ Prepara o día anterior todo o que necesites para as clases, ademais dunha máscara de reposto pois desaconséllase compartir materiais con outras persoas.
- ⇒ Le atentamente e respecta o protocolo de actuación do teu centro así coñecerás o que está permitido.

### Ao chegar ou marchar:

- ⇒ Localiza a entrada e saída ao centro e chega **PUNTUAL**.
- ⇒ **DIRIXETE Á PORTA DE ACCESO COA MÁSCARA** posta respectando a distancia de seguridade de 1,5 m. Non poderás permanecer no patio xogando ou falando en grupo.
- ⇒ Respecta en todo momento as medidas de protección e hixiene.
- ⇒ Colabora para evitar **AGLOMERACIÓNS** nas entradas, saídas, nos intercambios e no recreo.
- ⇒ Abandona o recinto cando a actividade lectiva finalice.

### Dentro da aula:

- ⇒ Accede á aula de maneira ordenada, respectando a distancia de 1,5 m.
- ⇒ **NON COMPARTAS** obxectos persoais nin material escolar. Se non podes evitalo, lava as mans canto antes.
- ⇒ Lava as mans con frecuencia con auga e xabón, ou xel hidroalcohólico. Obrigatorio ao inicio da xornada escolar.
- ⇒ **DESINFECTA** os instrumentos ou elementos común. Se tes clases seguidas, non debes abandonar a aula nin pasear sen razón.
- ⇒ Ao finalizar a xornada lectiva, deixa o teu posto recollido para facilitar a limpeza e desinfección.

### Nos descansos e nas zonas comúns:

- ⇒ Procura relacionarte en grupos pequenos, sempre coa distancia de seguridade de 1,5 m.
- ⇒ Evita as aglomeracións e non permanezas nos comedores nin nas zonas de paso, procura realizar os descansos nas zonas ao aire libre.
- ⇒ Deberás levar sempre a máscara posta e respectar sempre a distancia de seguridade.
- ⇒ Evita tocar se non é necesario obxectos e superficies nas zonas de descanso.
- ⇒ No caso de choiva, o alumnado permanecerá ordenado na súa aula, coa porta aberta.
- ⇒ Respectaranse as quendas nas zonas de uso no patio no tempo de lecer.

### Ao saír e regresar a casa:

- ⇒ Colabora na saída para **EVITAR AS AGLOMERACIÓNS** sobre todo na porta de saída.
- ⇒ Vixia diariamente o teu estado de saúde e o dos teus familiares e amigos/as.
- ⇒ Ao chegar á casa, lava as mans con auga e xabón, quita os zapatos e pon para estar na casa outro calzado distinto.

**Colabora!**  
**Por un espazo libre de COVID 19!**

## PROTOCOLO COVID-19

## Normas xerais de prevención e hixiene para o alumnado no centro

### Hixiene de mans

- ⇒ Sempre que se poida, realízanse con auga e sabón. Non é recomendable o uso de sales hidroalcohólicas para nenos e nenas menores de 6 anos.
- ⇒ Realízanse nas seguintes situacións:
  - Ao comezo e ao final da xornada escolar
  - Antes e despois de ir ao baño
  - Antes e despois de saír ao patio
  - Antes e despois de comer
  - Sempre que as mans estean visiblemente sucias
  - Despois de usar ou compartir materiais ou equipos (mesa, rato, ordenador,...)
  - Extrema as precaucións no caso de que debas compartir algún obxecto

### Hixiene respiratoria

- ⇒ Ao tosar ou esbirlar cubre a boca e o nariz co codo ou cun pano desbotable.
- ⇒ Evita tocar o nariz e a boca coas mans.
- ⇒ Usa papeiros desbotables para eliminar as secrecións do nariz e boca. Tíraos tras cada uso.
- ⇒ Debas levar as mans despois de tosar ou esbirlar con auga e sabón. Se non poides utilízalas sal hidroalcohólica.

### Uso da máscara

- ⇒ As persoas de 6 anos en diante estarán obrigadas a levar máscara sempre. Procuraranse que sexan máscaras reutilizables, polo efecto que as desbotables están producindo no medioambiente.
- ⇒ Non será exible o uso de máscara en persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou pola situación especial dese alumno ou alumna concreto.
- ⇒ Tampouco será exible cando se realice exercicio físico ao aire libre nin cando a propia natureza das actividades fagan incompatible a máscara, respectando en todo momento as indicacións das autoridades sanitarias.
- ⇒ En infantil o seu uso é recomendable, sobre todo para as entradas e saídas ou cando non estean co seu grupo estable de convivencia.
- ⇒ No transporte escolar mantense a obrigatoriedade a partir de 6 anos. Recomiéndase o seu uso no alumnado de 3 a 5 anos nestas ocasións.
- ⇒ A máscara será obrigatoria para todo o profesorado de todas as etapas educativas así como para todo o persoal do centro.
- ⇒ Polo que poda pasar ao longo da xornada escolar, o alumnado deberá traer no estoxo unha segunda máscara de reposto.

### Recomendacións xerais

- ⇒ Evitar o contacto con calquera superficie (pomos, manillas, mesas de compañeiros/as,...).
- ⇒ Será o profesor/a quen se achegue á mesa, así evítaranse desprazamentos de alumnos/as pola aula.
- ⇒ Recomiéndase non intercambiar mesas, cadeiras, material escolar, etc. No caso de que se compartan materiais comúns, deberán ser desinfectados posteriormente.
- ⇒ Limpiaranse con frecuencia os obxectos de uso persoal con sabón, alcohol ou solución desinfectante cun pano desbotable.
- ⇒ Cada alumno/a de Primaria e Secundaria traerá un estoxo cunha segunda máscara, a súa propia solución hidroalcohólica, un paquete de papeiros desbotables e unha botella de auga para beber.
- ⇒ Ao abandonar a aula, o alumnado desinfectará as superficies para que poidan ser utilizadas por outras persoas.

**Colabora!**  
**Por un espazo libre de COVID 19**



## INSTRUCCIÓN PARA PAIS/NAIS/TITORES

### Antes de vir ao cole:

- ⇒ Non deberá levar ao seu fillo/a ao centro se presenta síntomas compatibles co COVID-19 ( febre >37,5, tos, malestar xeral, dor de garganta, dificultade respiratoria, congestión nasal, dor torácica, dor de cabeza, dor abdominal, vómitos, diarrea, diminución olfacto e gusto, ...).
- ⇒ Deberase revisar o estado de saúde do alumnado diariamente. No caso de presentar algún dos síntomas deberase contactar con Atención Primaria XXX XXX XXX ou co pediatra e seguir as instrucións. Comunicarase a ausencia ao EQUIPO COVID do centro no número 881 930 110. Para a xustificación non será necesario ningún xustificante médico. As familias poderán xustificar a falta por esta razón.
- ⇒ O voso fillo/a non poderá asistir ao centro se se atopa en período de coarentena por ter tido contacto con algún infectado. Aínda que non presente síntomas, se sodes coñecedores de que tivera contacto con algún infectado, deberíades poñeros en contacto con Atención Primaria e seguir as instrucións.
- ⇒ Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer COVID-19 , o voso fillo/a non poderá acudir ao centro ata coñecer que o resultado sexa negativo. Comunicarase tanto o feito coma o resultado ao EQUIPO COVID-19 do centro.
- ⇒ Non se poderá acceder ao recinto sen máscara. Antes de saír é conveniente asegurarse de que o voso fillo/a a leve. De chegar ao centro sen ela, o alumno/a permanecerá confinado ata que a familia lle achegue a máscara.

### Detección dun gromo no centro

- ⇒ Se se detectase no centro que o voso fillo/a ten síntomas compatibles con SARS-Cov-2, o centro poñerase en contacto coa familia segundo figure no expediente do alumnado, que deberá presentarse no centro no menor tempo posible.
- ⇒ Solicitará consulta telefónica co/a pediatra que valorará a situación. O centro poderá contactar co equipo sanitario de atención primaria asignado no caso de que os trámites anteriores non teñan resposta.
- ⇒ Aíllarase ao alumno/a no lugar designado e estará acompañado por unha persoa do centro ata que a familia se faga cargo do enfermo/a.
- ⇒ Os resultados serán comunicados ao centro.

### Accesos e horarios establecidos:

- ⇒ Le atentamente o protocolo de adaptación ao contexto COVID 19 do centro. Debes ser PUNTUAL nos horarios asignados ao grupo do teu fillo/a nas entradas e saídas.
- ⇒ Non poderedes acceder ao recinto sen previa cita ou sen permiso do equipo directivo ou do profesor/a do voso fillo/a. Unicamente o alumnado de Infantil poderá ser acompañado ata a porta de entrada (un acompañante por neno/a) despois de que toque a sirena e respectando os horarios de entrada. Para solicitar cita previa podeades facelo a través do correo electrónico do profesorado, do correo electrónico do centro ou por teléfono. Estas direccións estarán dispoñibles na páxina web do centro.
- ⇒ Deberedes recordarlle ao voso fillo/a a importancia de respectar as normas e os horarios establecidos así como os percorridos de acceso ás aulas.
- ⇒ Evitaredes parar nas zonas de paso ou de acceso así como a formación de aglomeracións tanto ás entradas como ás saídas.
- ⇒ A entrega do voso fillo/a aos responsables farase con puntualidade e no menor tempo posible.

### Uso da máscara no centro:

- ⇒ A partir dos 6 anos será obrigatorio o seu uso no centro. A indicada para a poboación sa é a tipo hixiénica. Sempre que sexa posible, a mellor opción é a reutilizable.
- ⇒ O voso fillo/a deberá traela posta antes de entrar no recinto. Na mochila traerá tamén nun estoxo outra de reposto, para poder repoñer no caso de que fose necesario.
- ⇒ Non será esixible no caso de que o voso fillo/a presente algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria ou pola situación de discapacidade ou dependencia ou ben presenten alteracións de conduta que fagan invisible o seu uso.
- ⇒ O seu uso será obrigatorio no transporte escolar a partir dos 6 anos e recomendable a partir dos 3 anos.

## Medidas xerais de hixiene e prevención no centro:

- ⇒ As medidas de hixiene de mans e hixiene respiratoria establecidas no centro, deberán ser reforzadas dende a casa.
- ⇒ Hixiene de mans:
  - ao finalizar e comezar a xornada escolar
  - antes e despois de ir ao baño
  - despois de tosar
  - esbirmar ou soar o nariz
  - antes e despois de comer
  - de saír ao patio, antes e despois de comer
  - antes e despois de colocarse a máscara
  - cando as mans estean visiblemente sucias
  - despois de compartir materiais ou tocar superficies ou equipos
- ⇒ Ao tosar ou esbirmar cubre a cara e o nariz co codo ou cun pano desbotable. Lava as mans despois con xel. Evita tocar a boca e o nariz coa man.
- ⇒ Ao non poder usarse as billas de auga con seguridade, o alumnado traerá a súa botella de auga para beber.
- ⇒ Deberá traer nun estoxo: unha máscara de reposo, unha botella de xel hidroalcohólico (só a partir de Primaria) e unha caixa de panos desbotables.
- ⇒ Bako o principio de cautela e prevención, evitanse desprazar ao alumnado a contornos públicos mentres dure esta crise sanitaria.
- ⇒ Ao chegar á casa, non debe olvidarse o cambio de calzado e a hixiene de mans. Desta forma reduciremos a probabilidade de contaminación.
- ⇒ Concienciar aos vossos fillos/as da necesidade de seguir as normas de hixiene é fundamental para que poidamos ter un curso o máis regular posible.

## Comunicacións co centro e titorías

- ⇒ Mentres dure esta situación sanitaria, as familias non poderán acceder ao recinto nin permanecer nel. Ante saídas do voso fillo/a dentro do horario lectivo, haberá que comunicalo ao centro con antelación a través de chamada telefónica ou correo electrónico.
- ⇒ Para trámites administrativos deberá solicitarse CITA PREVIA a través de correo electrónico [cpi.xunqueira@edu.xunta.gal](mailto:cpi.xunqueira@edu.xunta.gal) ou a través do teléfono do centro 881 930 110.
- ⇒ As reunións de titorías faranse todas de xeito telemático ou telefónico preferentemente. Poden solicitarse a través do correo electrónico do centro [cpi.xunqueira@edu.xunta.gal](mailto:cpi.xunqueira@edu.xunta.gal), a través do correo electrónico do profesorado (publicanase na páxina web do centro as direccións) ou por teléfono 881 930 110.

## Comunicacións co orientador:

- ⇒ As familias poderán solicitar entrevista chamando ao teléfono do centro 881 930 110 ou a través do correo electrónico. Segundo a circunstancias, poderá ser entrevista telefónica, telemática ou presencial.
- ⇒ No caso de que a entrevista deba ser presencial, o Departamento de Orientación terá adaptado o espazo físico ás condicións de hixiene e prevención da situación actual.
- ⇒ Ditas reunións non coincidirán nin con entradas, saídas ou baixadas ao recreo, seguindo as indicacións recomendadas polas autoridades sanitarias.
- ⇒ Para contactar con Orientación, o contacto será preferentemente por correo electrónico: [benignovales@cpi.xunqueira.com](mailto:benignovales@cpi.xunqueira.com), [benignosanchozales@edu.xunta.gal](mailto:benignosanchozales@edu.xunta.gal) ou por teléfono 881 930 110.

## No caso dun novo confinamento

- ⇒ Durante o mes de setembro, tratarase de formar ao alumnado no acceso a Classroom e Aula Virtual. Para isto, revisarase os rexistros de alumnos/as ademais de rexistrarse ao alumnado novo.
- ⇒ O profesorado titor elaborará unha relación de alumnos/as que carezan de internet ou de dispositivo no seus domicilios. No caso de ter que pasar a formación non presencial, comunicáronos coas familias que estean nesta situación para tratar de buscar unha solución. Comunícade esta situación ao profesorado titor o antes posible.

**Colabora**  
**Por un espazo libre de COVID 19**

# INSTRUCCIÓN PARA O PROFESORADO E PERSOAL

## No centro:

- ⇒ Uso obrigatorio da máscara en todo o centro .
- ⇒ Colaborar cos compañeiros/as na tarefa de impedir que se formen aglomeracións nas entradas e saídas. Non obstaculizar zonas de paso nin corredores.
- ⇒ Velar polo cumprimento das medidas de hixiene e distanciamento por parte de todo o alumnado durante toda a xornada escolar.

## Na aula:

- ⇒ Comprobar que a distribución da aula permite manter a distancia de 1m. Todo o alumnado deberá estar orientado na mesma dirección para garantir a seguridade desta distancia.
- ⇒ As sesións deberán desenvolverse de forma ordenada, evitando desprazamentos do alumnado.
- ⇒ No caso de ter que requirir material dos alumnos/as, deberá proceder á hixiene de mans tras a súa utilización.
- ⇒ Na clase de primeira hora, na sesión despois do recreo e cando haxa que saír da aula e volver a entrar procederase á hixiene de mans, e limpeza de superficies (mesa e cadeira, por exemplo) no caso de que non se volva a utilizar ou vaia ser utilizada por outras persoas.
- ⇒ Recordaranse as medidas de evitar tocar a cara e o nariz .
- ⇒ Limitarase ao máximo a circulación de documentos en papel.
- ⇒ Ventilárase de forma frecuente a aula.
- ⇒ Daráselles prioridade ás actividades individuais fronte ás de equipo.
- ⇒ Poñerase especial coidado en ter desinfectada a zona de traballo do profesorado.

## Durante os descansos e zonas comúns:

- ⇒ O alumnado non poderá permanecer nin nos corredores nin nas zonas de acceso.
- ⇒ Deberase vixiar que os baños cumpren co aforo, evitando aglomeracións e respectando a distancia de seguridade.
- ⇒ Evitar tocar obxectos doutras persoas e superficies nas zonas comúns. Lavar as mans antes e despois.
- ⇒ Se utilizas ordenadores do centro, desinfecta rato, teclado e pantalla despois do seu uso.
- ⇒ Ventila regularmente o departamento, sala de profes e/ou titorías.

## Ao saír do centro e regresar a casa

- ⇒ Se impartes docencia na última sesión ou na sesión anterior ao recreo, supervisarás a saída do grupo co que estás. Sería conveniente acompañalo ata a porta de saída para comprobar que se fai con orde, sen aglomeracións e respectando o distanciamento social.
- ⇒ Procurarase que o alumnado leve a casa o menor material posible, para minimizar o risco de contaminación.
- ⇒ Vixia o teu estado de saúde e o dos teus achegados.
- ⇒ A hixiene de mans antes de saír do centro resulta indispensable para reducir o risco de contaxio.

## ANEXO IV. INSTRUCCIÓN PERSOAL DO CENTRO

## Reunións equipos docentes, claustros e titorías

- ⇒ As reunións de Consello Escolar realizaranse de forma telemática así como as de claustro cando non se poda garantir a distancia de seguridade.
- ⇒ As reunións de titoría faranse de forma telemática ou telefónica preferentemente. Poden solicitarse a través do correo electrónico [cpi.axunqueira@edu.xunta.gal](mailto:cpi.axunqueira@edu.xunta.gal), do correo do profesorado (publicarase na web do centro) ou de forma telefónica chamando ao 881 930 110.
- ⇒ No caso de que deban ser presenciais, será previa cita garantíndose as normas de hixiene: distancia de seguridade, desinfección de local e máscara obrigatoria.

## Metodoloxía na aula e programacións

- ⇒ Instrucións 30 de xullo de 2020:  
[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/instruccion\\_30\\_de\\_xullo\\_2020.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/instruccion_30_de_xullo_2020.pdf)
- ⇒ As aulas virtuais utilizaranse no suposto de educación a distancia para todo o alumnado do centro. De non ser posible para todos, habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias.
- ⇒ Todo o profesorado comprobará á maior brevidade que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e a metodoloxía que se seguirá no caso dunha hipotética suspensión da actividade presencial. Dedicará o tempo que precise para afianzar ditas destrezas.
- ⇒ Incluirase na programación a metodoloxía que se seguirá no caso de ensino a distancia. Ademais deberá

## Que facer en caso de sintomatoloxía na aula?

- ⇒ No caso de que un alumno/a presente síntomas de COVID-19 na aula, o profesor/a que estea nese momento na aula deberá avisar ao profesor de garda.
- ⇒ O profesor/a de garda chamará á familia do alumno/a e comunicará a situación ao Equipo COVID do centro.
- ⇒ No caso de non poder comunicar coa familia, un membro do Equipo COVID poñerase en contacto co Centro de saúde de referencia para seguir as instrucións ou co 112.
- ⇒ O profesor/a de garda acompañará ao alumno/a ata o momento no que a familia o recolla. O alumno/a deberá levar máscara cirúrxica e o que acompaña unha máscara ffp2.
- ⇒ O lugar será o despacho que está baixo as escaleiras de Primaria.

## No caso dun novo confinamento

- ⇒ Durante o mes de setembro tratarase de formar ao alumnado en Classroom e Aula Virtual. Ademais, poñeranse en marcha os cursos E-Dixgal. Revisaranse os rexistros dos comeos @cpiaxunqueira ademais de rexistrarse ao alumnado novo.
- ⇒ O profesorado titor elaborará unha relación de alumnos/as que carezan de internet ou de dispositivos nos seus domicilios. No caso de ter que pasar a non presencial, comunicarémolos coas familias que estén nesta situación para tratar de buscar unha solución

**Colabora!**  
**Por un espazo libre de COVID 19**

## ENTRADAS E SAIDAS

<b>ENTRADA INFANTIL</b>		
Utilizarase a S3 para o alumnado de Infantil. O alumnado acompañado entrará no recinto cando toque a sirena seguindo este horario.		
	<b>08:50</b>	6º de Infantil
	<b>08:55</b>	5º de Infantil
	<b>09:00</b>	4º de Infantil
<b>ENTRADA PRIMARIA</b>		
O acceso será pola porta de uso habitual. A diferenza é que nas entradas non se formarán as filas nin poderá haber persoas no porche, agás o alumnado que está a acceder ao centro.		
	<b>S1 esquerda</b> <i>Pasamáns pegado á parede</i>	<b>S1 dereita</b> <i>Pasamáns oposto</i>
<b>08:35</b>	5º	6º
<b>08:40</b>	3º	4º A e B
<b>08:45</b>	1º	2º
O alumnado que chegue con atraso, incorporárase á ringleira que estea a entrar nese momento, respectando a distancia de seguridade. Ao chegar á aula, íranse sentando no seu sitio esperando ao seu profesor/a e o inicio da clase.		
<b>ENTRADA SECUNDARIA</b>		
Abrirase a porte de acceso A3 (fronte ao Pavillón) ás 08:30 para dar acceso ao alumnado de Secundaria. Irán subindo ás aulas de forma ordenada, en ringleira, evitando agrupacións de alumnos/as e aglomeracións e respectando sempre a distancia de seguridade. Ao chegar á aula, sentarase no seu sitio e esperará ao profesor/a.		
<b>ENTRADA TRANSPORTE</b>		
O alumnado de Infantil acompañado polo profesor/a de garda correspondente accederá ao centro e esperará a ser recollido polo seu profesor/a nos bancos da entrada. Sentaranse tendo en conta o grupo estable de convivencia ao que pertencen (cada ringleira para un nivel).		
O alumnado de Primaria (S1) e Secundaria (S2) transportado accederá ao centro en canto chegue ao recinto. Subirán ás súas aulas e permanecerán sentados ata a chegada do profesor/a. Non se farán desprazamentos individuais polos corredores. En ningún momento se farán filas de entrada nin se deixarán as mochilas no porche. Non se xogará nin correrá polo recinto. Evitaranse corrillos na entrada. No momento da entrada respectarase a distancia de 1,5/2,0 m.		
<b>ENTRADAS E SAÍDAS DE FAMILIARES E ACOMPAÑANTES</b>		
As portas de acceso A1 (entrada transporte) e A3 (entrada fronte ao pavillón) utilizaranse para entradas e saídas de pais e acompañantes. O resto do alumnado poderá ser acompañado ata a porta de acceso ao recinto (A3). Só permanecerá aberto o acceso A3 (fronte ao pavillón) para os alumnos/as que cheguen con retraso xustificando e para familiares e/ou titores para trámites administrativos, sempre con cita previa e unha soa persoa por unidade familiar.		

<b>SAÍDA DO ALUMNADO INFANTIL E PRIMARIA</b>
<i>As saídas do resto dos grupos realizaranse cos percorridos inversos á entrada.</i>
<b>SAÍDA INFANTIL</b> pola porta S3

<b>13:25</b>	4º de Infantil
<b>13:30</b>	5º de Infantil
<b>13:35</b>	6º de Infantil

Un acompañante por alumno/a con máscara posta. Na espera, evitaranse a formación de pequenos grupos. Unha vez recollido o alumno/a, deberase abandonar o recinto para evitar aglomeracións.

**SAÍDA PRIMARIA** pola porta S1

	<b>S1 esquerda</b> <i>Pasamáns pegado á parede</i>	<b>S1 dereita</b> <i>Pasamáns oposto</i>
13:35	1º	2º
13:40	3º	4º A e 4º B
13:45	5º	6º

Ao non saír con toque de sirena, o profesorado deberá estar pendente da saída do curso anterior para que poida saír o grupo co que está. Poñerá especial atención en que os grupos non se crucen. Así, no momento da saída, se algún grupo xa estivera no corredor ocupando a beira, esperarase con tranquilidade a que este grupo pase. O profesorado correspondente deberá acompañar ao alumnado ata a porta do recinto, comprobando que se fai de forma ordenada e respectando a distancia de seguridade.

**TRANSPORTE**

O alumnado de transporte será conducido, en ringleira con distancia social e ordenado, dende o centro ata a porta do transporte con máscara ás 13:35

**SAÍDA SECUNDARIA** pola porta S2


Ao toque de sirena, o alumnado sairá da aula de forma ordenada, cando llelo indique o profesor/a. Tomando como referencia a escaleira central, dividirase a segunda planta en dúas partes. Unha sería a que está orientada cara ás pistas e outra sería a que mira ao pavillón. O alumnado das aulas que pertencen á parte orientada cara ás pistas, baixará polo lado da parede. Os demais farán a baixada polo lado oposto, isto é, polo pasamáns.

No momento da saída, se algún grupo xa estivese no corredor ocupando a beira, esperarase con tranquilidade a que este grupo pase. O profesorado correspondente deberá acompañar ao alumnado ata a porta do recinto, comprobando que se fai de forma ordenada e respectando a distancia de seguridade.

O profesorado de garda de transporte sairá co alumnado cinco minutos antes.



ANEXO VII. CARTEL AFORO



**AFORO  
MÁXIMO**

**4**

**PERSOAS**





## ANEXO VIII. MEDIDAS DA BIBLIOTECA

PROTOCOLO COVID 19

# MEDIDAS DE PREVENCIÓN PARA USO DA BIBLIOTECA

### Medidas tomadas :

- ⇒ Para preservar a distancia de seguridade na biblioteca de 1,5 m, colocárase na entrada un cartel co aforo correspondente. Estabéllese o aforo de 15 alumnos/as.
- ⇒ Os postos informáticos distanciaranse entre si o suficiente. Deberán desinfectarse teclado, rato e pantalla despois de cada uso. O profesor/a de garda comprobará que se fai este proceso.
- ⇒ Os postos de lectura tamén se distancian, deixando unha cadeira baleira entre posto e posto. Evítanse as zonas de chan onde os alumnos/as fagan lectura en común sen distanciamento.

### Ao chegar ou marchar:

- ⇒ Os usuarios e usuarias acudirán á biblioteca sempre con máscara.
- ⇒ Entrárase por unha porta indicada como ENTRADA (a máis cercana ao ascensor) e saírase pola outra indicada como SAÍDA. Sinalizaremos o sentido de desprazamento dentro da biblioteca con frechas no chan para evitar atopar xente de fronte.
- ⇒ O espazo utilizado polo usuario deberá ser desinfectado ao rematar o seu uso.
- ⇒ Existirán dispensadores de solución hidroscolohólica á disposición dos usuarios da biblioteca. Deberase utilizar sempre antes de entrar na biblioteca.

### Nos recreos:

- ⇒ Nos recreos, asignarase un día da semana para cada grupo, minimizando así o risco de contaminación con outros grupos.
- ⇒ En caso de choiva, a biblioteca permanecerá pechada. O profesor/a de garda colaborará co profesorado de garda de recreo. Se un alumno/a quere pedir un libro nos días que non lle toca o acceso á mesma pedírallo á titora ou á encargada da biblioteca directamente ou a través do correo electrónico.

### Instrucións uso da biblioteca:

- ⇒ O encargado será sempre o que entregue e recoilla os libros prestados.
- ⇒ Establecerase un lugar onde se deixarán os libros tocados polos usuarios. Non serán devoltos inmediatamente á balda correspondente.
- ⇒ Cada libro manipulado meterase nunha caixa de corentena durante ao menos 4 horas antes de ser colocado no seu lugar.
- ⇒ Extremarase a hixiene de mans tanto do profesorado coma do alumnado.
- ⇒ Estará prohibido comer e beber na biblioteca.
- ⇒ Adjudicarase unha hora á semana para cada grupo . Nesta hora ese grupo poderá acudir á biblioteca, debendo desinfectar os seus postos de lectura e os recursos utilizados tras o uso, depositando os libros consultados na caixa de corentena.

**Colabora!**  
**Por un espazo libre de COVID 19!**

## ANEXO IX. TEST DE AUTOAVALIACIÓN



### ANEXO I. ENQUISTA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

<b>Presentou nas últimas 2 semanas?</b>		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>Síntomas respiratorios</b>	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
<b>Outros síntomas</b>	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>CONVIVIU nas últimas 2 semanas?</b>	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		